



Prezado/a amigo/a:

O próximo 11 de outubro, Día Mundial da Visión, dará comezo a terceira edición da campaña «Ver para Aprender», que ten como obxectivo concienciar en materia de saúde visual e revisar o estado da visión dos/as nenos/as de 6 a 12 anos (Primaria) da túa zona.

En primeiro lugar, cremos preciso agradecerche de novo a túa participación, xa que esta campaña non é nada sen profesionais coma ti que a fan posible. Por iso, **no nome de Visión y Vida e do Consello Xeral de Colexios de Ópticos-Optometristas, dámosche as grazas por axudarnos a lograr o noso obxectivo dun 100% de boa saúde visual en España.**

En segundo lugar, sabes que **precisamos sumar esforzos para manter o apoio do Ministerio de Educación e Formación Profesional, no ámbito das súas competencias,** así como o de Correos Express e Disney. Dícímosche como:


- 1. Identifica a túa óptica co identificativo** que che enviamos e sitúa os pósters e dípticos informativos nun lugar visible. A imaxe Disney servirá para atraer aos/ás máis pequenos/as.
- 2. Rexistra os datos das revisións infantís.** Accede á túa sesión privada na web www.verparaaprender.es (enviamos o teu usuario e contrasinal) e introduce directamente os resultados do screening no formulario. Podes descargalo e imprimilo, para introducir os datos máis tarde. Se non temos datos, non poderemos estudar o resultado co Ministerio nin promover máis iniciativas en favor da saúde visual infantil.
- 3. Visita os centros escolares da túa zona.** Tes a listaxe de centros educativos convidados, chámaos ou vístaoos e preséntate. Ofrécete voluntario para o que poidan precisar, como unha charla aos pais, e pídenos aqueles materiais que necesites para levala a cabo. Podes acordar con algunha óptica próxima que tamén participe e presentarvos xuntos. Funcionou moi ben en 2017.
- 4. Se detectas que algún centro non demostra interese,** escríbenos a coordinacion@visionyvida.org. O noso equipo ocupárase de contactar con el de novo e volver a explicarlle a iniciativa.
- 5. Comunica ti tamén, porque xuntos somos máis fortes.** Desde as nosas redes sociais comunicaremos a campaña, mais podes axudarnos. Difunde a mensaxe, utiliza as nosas imaxes e vídeos, e chega ao teu público con estes materiais tan atractivos.
- 6. Conquista o teu público, faille un regalo Disney.** Este ano enviamos 10 mostras de regalos para os nenos aos que realicen o screening visual. Se queres obter máis packs de 10 pezas por un importe de 10 € (1 €/regalo), escribe a secretaria@visionyvida.org.

Lembra que este ano sodes máis de 1.500 ópticos-optometristas voluntarios coma ti os que estaredes a traballar en favor da saúde visual. Este ano podemos facer historia! Non deixes pasar esta oportunidade e deixa pegada na túa zona.

Sabemos que o óptico-optometrista sempre gozou dun gran espírito solidario; non é a primeira vez que o noso sector se une, mais si é unha das veces que nos volvemos tan fortes.

Fagamos historia! Contamos contigo.


Salvador Alsina Dalmau
Presidente de Visión y Vida


Juan Carlos Martínez Moral
Presidente do Consello Xeral de Colexios de Ópticos-Optometristas



©Disney

*Lembramos que a asociación Visión y Vida é unha entidade de utilidade pública fundada en 1955 cuxa presidencia de honra ostenta a S.M. a Raíña D.ª Sofía. Entre os nosos obxectivos destacan o de acadar un 100% de boa saúde visual en todas as etapas da vida. Esta campaña realízase grazas ao traballo de ópticos-optometristas voluntarios que poñen a disposición dos menores os seus gabinetes profesionais, sen ningunha obriga comercial por parte dos centros educativos ou as familias.

Colaboran:

